

**INSTRUCCIÓN SOBRE O PROCEDEMENTO
DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE VIAXES****I.-Antecedentes**

Como consecuencia da entrada en vigor da nova Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Universidade de Vigo licitou mediante o procedemento aberto o expediente con número 308/17 "Servicio de axencias de viaxes".

II.-Instrución

Con data 15 de xuño de 2018 asinouse un contrato marco con VIAJES EL CORTE INGLÉS, S.A. (en diante Viajes ECI) empresa adxudicataria de dito expediente. A partir do 18 de xuño de 2018 será obrigatorio que se realicen todas as reservas de hotel e voos a nome da Universidade a través de Viajes ECI

-Persoa de contacto: Maribel teléfono 986484437 Correo electrónico: vigoempresas@viajeseci.es

De acordo co establecido no prego de prescricións técnicas, se a Universidade obtén un orzamento máis económico que o proposto por Viajes ECI, a Universidade debe proporcionar á Viajes ECI a opción de igualar ou mellorar este prezo. En caso de igualar ou mellorar a Universidade de Vigo está obrigada a contratar os seus servizos. No caso de que Viajes ECI non iguale ou mellore a oferta, a Universidade de Vigo poderá contratar os servizos á outra axencia (sempre que esta outra axencia non teña alcanzado o límite de 15.000€ mais IVE que marca a Lei de Contratos do Sector Público).

Referente a si se poden contratar os voos a nome propio e pagar por reposición mediante unha comisión de servizo, informamos que a "Resolución de 9 de febreiro de 2018, conxunta da Secretaría de Estado de Función Pública e da Secretaría de Estado de Presupostos y Gastos, por la que se ditan instrucións sobre comisións de servizo con dereito a indemnización", contempla o seguinte:

5. Gastos de aloxamento e transporte

a) Os servizos asociados a unha viaxe concertarase a través de contratos con axencias de viaxes nos termos previstos en ditos contratos e de conformidade co disposto no Real Decreto 462/2002.

b) A solicitude de emisión de billetes de transporte e de bonos de aloxamento deberá facerse coa necesaria antelación, o que permitirá encontrar tarifas máis económicas. Esta solicitude realizarase á axencia de viaxes contratada.

Non estará permitida a contratación directa de gastos de viaxe e a súa tramitación por comisións de servizo salvo autorización expresa da Xerencia, xa que existe un alto risco de descertificación e aspectos desfavorables pola cota a soportar de IVE.

Vigo, 19 de xuño de 2018


Por suplicencia (R.R. 13/06/2018)
O Viceserente de Recursos Humanos
José González Groba



